

Texto e ilustracións: **MAURICE SENDAK**

Tradución: **XOSÉ MANUEL GONZÁLEZ**

Encadernado en cartón. 25x21,5 cm.

48 páxinas a toda cor. Dispoñible en:

- Galego: "Onde viven os monstros"
Tras os montes. ISBN 978-84-8464-661-7
- Catalán: "Allà on viuen els monstres"
Kalandraka. ISBN 978-84-8464-692-1
- Euskera: "Pitziak bizi diren lekuan"
Amets egiteko liburuak. ISBN 978-84-8464-724-9
- Portugués: "Onde vivem os monstros"
Livros para sonhar. ISBN 978-989-8205-31-5

Prezo: 15 €

ONDE VIVEN OS MONSTROS



A noite en que Max vestiu o seu traxe de lobo e empezou a facer trasnadas dunha clase e doutra, súa nai chamoulle: -MONSTRO! E Max díxolle: -VOUTE COMER! Así que mandouno para a cama sen cear. Aquela mesma noite, no cuarto de Max xurdiu un bosque que medrou...

Esta obra, publicada por primeira vez en 1963, suscitou certa polémica polo seu tratamento nada exemplarizante dos nenos, pero converteuse nun clásico da Literatura Infantil e Xuvenil e nun referente imprescindible no seu xénero. Obtivo a Medalla Caldecott (1964) e o premio Boston Globe-Horn (1981). The New York Times elixiuno como un dos mellores libros ilustrados da época e foi título destacado pola Asociación Americana de Bibliotecas. Dende entón, traducíuse a numerosas linguas e converteuse nunha das obras máis vendidas de todos os tempos.

Castigado sen cear a causa das súas trastadas, Max emprende unha viaxe simbólica dende o seu cuarto ata un lugar fantástico, atravesando un tempo mítico e enfrontándose aos seus propios medos. Tras converterse no rei duns monstros tan feroces como entrañables, regresa ao punto de partida, onde o espera a cea. Unha viaxe de ida e volta, polo tempo e polo espazo, dende a realidade á ficción, sen que nada nen ninguén explique se esa metamorfose foi produto dun soño.

"Onde viven os monstros" é un exemplo de álbum ilustrado pola súa perfecta conxunción entre palabra e imaxe; unha historia poética e sinxela, contada con humor, total economía expresiva e absoluta harmonía entre texto e imaxe. Todo se conxuga neste libro, pensado artisticamente ata no máis mínimo detalle: o xogo coa diagramación, o formato, a atmosfera case máxica que destila cada páxina, a tensión argumental e a combinación de palabras, sons e repeticións.

Así, o tamaño das ilustracións vai 'in crescendo' a medida que o protagonista se adentra no mundo onírico; as ilustracións ocuparán a totalidade da páxina cando a historia acade o seu clímax e irán diminuíndo en envergadura cando Max vai voltando ao plano da realidade.

comunicacion@kalandraka.com | www.kalandraka.com

MAURICE SENDAK (Brooklyn, Nova Iorque, 1928)

Dende 1951 produciu máis de 90 libros infantís, unha traxectoria que o levou a recibir en 1970 o Premio Andersen e o Premio Laura Ingalls Wilder en 1983. En 1996 o Goberno dos Estados Unidos entregoulle a Medalla Nacional das Artes e en 2003 acadou o Premio Internacional Astrid Lindgren de Literatura Infantil, xunto coa escritora austríaca Christine Nöstlinger. Fillo de inmigrantes xudeus de orixe polaca, estudou pintura e debuxo no Art Students League de Nova Iorque. Conseguiu o seu primeiro emprego como ilustrador para All America Comics e en 1951 comezou a traballar como ilustrador para a editorial Harper and Brothers.

Impulsou unha auténtica revolución no panorama literario infantil polas ideas, a forma e o contido dos seus libros. A crítica especializada califícao como "un dos homes máis poderosos dos Estados Unidos, porque darlle forma á fantasía de millóns de nenos é unha terrible responsabilidade".

- **Temática:** viaxe imaxinaria ao mundo dos monstros
- **Idade recomendada:** a partir de 3 anos
- **Aspectos destacables:** diagramación e formato do álbum, exemplo perfecto de álbum ilustrado
- **Aplicacións:** diferenza entre realidade e ficción, desenvolvemento da imaxinación

